

Descargado da web o 23.12.08:

http://www.radiofusión.eu/rfusión/emisoras/radioiredondela/manifestacion_en_cesantes_contra_unha_antena_de_telefonia_mobil



Sociedade, 23 decembro 2008

Manifestación en Cesantes contra unha antena de telefonía móbil

Os veciños da zona do Alto dos Tras en Cesantes convocan unha manifestación para estar tarde ás 19:00 horas para demandar que se retire a antena de telefonía móbil instalada nunha vivenda da zona sen contar coa preceptiva licencia de actividade. A protesta partirá dende a sucursal de Caixa Nova que se atopa na N-550 entre Arcade e Redondela e concluirá diante do Colexio da parroquia.

A colocación desta antena o pasado mes de novembro provocou unha importante oposición veciñal, xa que desconfían dos seus posibles efectos sobre a saúde. Por este motivo, acudiron en numerosas ocasións ao Concello onde comprobaron que o poste carece de licencia de obra así como de licencia de actividade polo que reclaman que sexa retirada.

Dende a Concellería de Urbanismo tense iniciado un expediente de clausura da instalación e dende a alcadía iniciouse tamén un expediente de reposición da legalidade. De feito, o alcalde Xaime Rei, comprometeuse onte no pleno a “retirar a instalación en canto conclúan os trámites que marca a normativa”.

Un compromiso no que os veciños confían, aínda que segundo explicaba unha das afectadas, Nuria Rodríguez “dende o concello chégannos informacións contraditorias, xa que tamén nos dixeron que retirar a antena non ía ser doado”. Por este motivo, optaron por seguir mobilizándose. Dan ao alcalde un prazo dun mes para que cumpra a súa palabra.